



Asociación de Familias de  
Alumnado NEAE

A Cañiza - Pontevedra

Por: Marta Rodríguez Márquez

# SOCIAIS

## AS ROCHAS DA TERRA




Asociación de Familias de Alumnado NEAE.

# AS ROCHAS NA TERRA

## MANTO

Composto por materiais sólidos ou rochas.




## CODIA

Composta por materiais sólidos ou rochas. É a capa mais externa da Terra. Nela atópanse rochas cubertas polos océanos e outras que forman os continentes.

## NÚCLEO

Composto por materiais fundidos.

A **LITOSFERA**: Está formada pola **CODIA** + parte superior do **MANTO**.



# AS ROCHAS

Que é unha rocha?

É un material sólido formado por un ou varios minerais.

Onde se atopan as rochas?

No manto e na codia da Terra.

Cales son as súas características?

**COMPOSICIÓN:** Conxunto de minerais que forman unha rocha. Pode estar formada por un ou varios minerais.



un só mineral



varios minerais

**TEXTURA:** aspecto da rocha segundo a colocación dos minerais.



textura lisa



textura rugosa

**DISPOSICIÓN NA NATUREZA:** a forma na que aparecen na natureza.



capas paralelas



macizo



volcán

# OS MINERAIS



**Que son os minerais?** Substancias sólidas que forman as rochas.

## AS PROPIEDADES DOS MINERAIS:

**A FORMA:** Os minerais poden aparecer nas rochas en forma de **GRANS**, de **LÁMINAS** ou de **CRISTAIS**.

**O BRILLO:** É o aspecto da superficie do mineral cando lle da a luz. Pode ter un brillo **METÁLICO**, **NACARADO**, **VIDROSO**...

**DENSIDADE:** Os minerais máis densos son os que teñen **metais**. Por iso

**A COR E A RAIA:** É a cor da superficie do mineral. En ocasións cando a superficie está sucia, raiase con algo máis duro para ver a súa verdadeira cor.

**A DUREZA:** Canto máis custa raiar un mineral máis duro é. A dureza dun mineral calcúlase raiándoo cuns minerais "tipo".

# OS DEPÓSITOS

**Qué son os DEPÓSITOS?** Son as zonas da codia terrestre nos que se atopan rochas ou minerais en grandes cantidades.

Os materiais dun depósito, extráense

En **CANTEIRAS** ou  
**MINAS DE CEO ABERTO:**

Son **buratos** no terreo para  
extraer materiais de **depósitos**  
máis superficiais.



Mina de ceo aberto

En **MINAS SUBTERRÁNEAS:**

Son **pozos**, **túneles** ou **galerías** para  
extraer materiais de **depósitos** máis  
profundos.



Mina subterránea

Mediante **PERFORACIÓNS:**

Son **buratos** para extraer líquidos  
(petróleo, auga) ou **gases**.



Perforación



### Como **MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN:**

Con bloques de granito fanse muros ou edificios, coas arxilas faise cerámica...



## PARA QUÉ SE UTILIZAN OS MATERIAIS TERRESTRES?


### Como **MATERIAIS DECORATIVOS:**

Con mármore fanse esculturas, con algúns minerais fanse xoias...



### Como **MATERIAIS INDUSTRIAIS:**

Algúns minerais e rochas pódense transformar noutros materiais, como cemento, ferro, vidro...



### Como **FONTES DE ENERXÍA:**

O **CARBÓN**, o **PETRÓLEO** e o **GAS NATURAL**, son combustibles e pódense utilizar como fonte de calor. Do **URANIO** pódese obter electricidade.

